



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES

SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

Exp: FO203, FO204, FO213, FO214 , FO221, FO223

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A MODIFICACIÓN DOS IMPORTES DAS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS DE CULTURA FO203, FO204, FO213, FO214 , FO221, FO223 DO ANO 2020

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vistas as resolucións polas que se aproban as convocatorias de subvencións de cultura FO203, FO204, FO213, FO214 , FO221, FO223 do ano 2020.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A crise sanitaria e socioeconómica derivada do COVID-19 e das medidas de confinamento social e paralización da actividade económica que resultaron precisas para a contención da pandemia varían radicalmente a planificación de traballo da Área de Cultura para 2020 e obrigan á modificación dos orzamentos.

A Deputación non pode permanecer allea ás consecuencias que esta crise produce e as que pode producir mais adiante se non se adoptan medidas que cheguen ao tecido social e económico da provincia. É por iso que, sabedora de que a situación do Estado de Alarma en que nos atopamos esixe aos concellos da provincia realizar importantes gastos extraordinarios -moi nomeadamente gastos sociais- a decisión tomada pola equipa de goberno orientase á adopción dun conxunto de medidas focadas en colaborar e apoiar aos concellos de forma extraordinaria, e que van ser canalizadas de forma prioritaria e central a través do POS+, por ser unha ferramenta de eficacia contrastada na relación entre a Deputación e os concellos.

Da reformulación das liñas e programas da área de Cultura derívase unha modificación do orzamento correspondente aos programas de subvencións, cunha **redución de 894.000,00 euros que se reorientan ao fortalecemento do POS+**, co obxectivo de reforzar as transferencias de diñeiro aos concellos para contribuír a garantir a capacidade destes para a cobertura dos seus servizos básicos e das necesidades sociais que poidan darse nun contexto de crise coma este.

A redución levada a cabo pola área de Cultura céntrase naqueles programas con máis dificultades para poder ser levados a cabo en 2020 e naqueles outros destinados ás entidades sen ánimo de lucro en que a redución orzamentaria non incida en salarios senón maioritariamente na capacidade de realización de actividades do ámbito non profesional.

É necesario precisar que as reducións previstas en ningún caso eliminan de forma completa ningunha convocatoria de subvencións, aínda que como é lóxico reducen as cantidades polas que estas se van poder desenvolver por considerar prioritario neste momento o reforzamento da capacidade dos concellos, vía POS+, de contar con máis fondos para facer fronte ás situacións extraordinarias que o escenario de crise do COVID-19 creou na nosa sociedade.

Consta nos expedientes a dilixencia do Deputado de cultura e normalización lingüística na que se dispón a redución do orzamento da Área de Cultura, en concreto, a redución dun 30% dos créditos orzamentarios correspondentes ás convocatorias de subvencións dirixidos a entidades sen ánimo de lucro FO203/2020, FO204/2020, FO213/2020, FO214/2020, FO221/2020 e FO223/2020.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES

SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

Exp: FO203, FO204, FO213, FO214 , FO221, FO223

Segundo.- Infórmase de que, neste momento, os programas FO203/2020, FO204/2020, FO213/2020, FO214/2020, FO221/2020 e FO223/2020 atópanse en fase de emenda das solicitudes, polo que están pendentes de valoración e concesión, e non se realizou ningún compromiso de gasto sobre as solicitudes presentadas.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

1º.- Modificar as resolucións que aproban as seguintes convocatorias de subvencións, para reducir a contía do crédito orzamentario de conformidade co seguinte:

Expediente	Programa	RP Convocatoria	Onde dí: Contía	Debe dicir: Contía
2019000032278	FO203: subvencións a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais durante o ano 2020	2020/4340	950.000	665.000
2019000032279	FO204: subvencións a entidades sen fins de lucro para a realización de investimentos culturais durante o ano 2020	2020/4342	300.000	210.000
2019000032283	FO213: subvencións a corais polifónicas, bandas de música populares e entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña, para o desenvolvemento de actividades culturais, durante o ano 2020	2020/4343	480.000	336.000
2019000032284	FO214: subvencións a corais polifónicas, bandas de música populares e entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña, para investimentos culturais, durante o ano 2020	2020/4346	200.000	140.000
2019000032285	FO221: subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2020	2020/3843	550.000	385.000
2019000032286	FO223: subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2020	2020/4347	500.000	350.000



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

SERVICIO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL Y DEPORTES

SECCIÓN DE CULTURA Y DEPORTES

Exp: FO203, FO204, FO213, FO214 , FO221, FO223

2º.- Realizar as modificacións contables necesarias para reducir os créditos orzamentarios correspondentes ás convocatorias de subvencións que se citan, de conformidade co seguinte:

Expediente	Convocatoria	Aplicación	Num. doc A	Importe convocatoria	Minoración	Novo importe
2019000032278	FO203/2020	0612/3341/481	220200008680	950.000	285.000	665.000
2019000032279	FO204/2020	0612/3339/781	220200008654	300.000	90.000	210.000
2019000032283	FO213/2020	0612/3343/481	220200008654	480.000	144.000	336.000
2019000032284	FO214/2020	0612/3339/781	220200008653	200.000	60.000	140.000
2019000032285	FO221/2020	0612/3343/46201	220200008597	550.000	165.000	385.000
2019000032286	FO223/2020	0612/3343/481	220200008655	500.000	150.000	350.000

3º.- Notificar esta resolución de modificación do importe das convocatorias á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.